

# Próxima estación? A Universidade na acción exterior de Galicia

## Description

“To the Next Station” é un libro coordinado polo profesor da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación, Benigno Fernández Salgado, e a docente da Facultade de Filoloxía e Tradución, María José Corvo, da Universidade de Vigo, que apareceu editado en inglés desde Berlín no ano 2018, froito do desexo explícito na suxerente introdución do volume de conectarse máis e mellor ás redes internacionais de coñecemento.

“To the Next Station” é un libro coordinado polo profesor da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación, Benigno Fernández Salgado, e a docente da Facultade de Filoloxía e Tradución, María José Corvo, da Universidade de Vigo, que apareceu editado en inglés desde Berlín no ano 2018, froito do desexo explícito na suxerente introdución do volume de conectarse máis e mellor ás redes internacionais de coñecemento.

O libro reúne, ademais dunha moi inspirada Presentación dos editores, que serve para centrar a definición e os obxectivos da investigación en comunicación e cultura, 12 artigos de 12 investigadores vinculados ao programa de Doutoramento en Comunicación da UVigo. Neles aparecen cuestións moi variadas como as potencialidades e limitacións da tradución, o novo ecosistema dos medios de comunicación tradicionais, os usos tecnolóxicos da mocidade, o big data, as redes sociais, os algoritmos que determinan as recomendacións nas rede, ou os novos formatos literarios froito da revolución tecnolóxica...

A decisión de presentar o texto en inglés cómpre subliñarse aínda máis especialmente nunha obra recopilatoria arredor da comunicación e as interaccións desta coa cultura, no seu sentido máis amplo, e especificamente desde Galicia, un territorio cunha especial conectividade internacional. Así as cousas “To the Next Station” é un esforzo por globalizar o traballo acumulado dunha escola galega en comunicación e cultura xerada desde a Universidade de Vigo, na que traballan os dous editores da obra. Desde a presentación o libro anima a unha lectura ordenada ou desordenada segundo os intereses do lector, sempre coa pregunta inicial de como comunicar para os intereses da maioría e dos máis vulnerables, corazón e motivación central que guía o espírito do traballo...

Cómpre engadir, máis alá de recomendar a lectura de “To the Next Station”, que a internacionalización da Universidade galega pasa por ser, necesariamente, un dos eixos estratéxicos do modelo de desenvolvemento da Galicia do futuro. A innovación e a investigación científica precisan de maneira crítica no S.XXI dun amplo abano de conectividade internacional (das estudantes aos grupos de investigación), xunto a un non menos necesario repertorio de capacidades e comunicación en linguas internacionais (da docencia ás publicacións) o que multiplica as capacidades de conexión ás redes académicas do mundo enteiro e coa mesma o aumento das probabilidades de excelencia e innovación produtiva.

A intencionalidade da obra e a decisión da súa publicación en inglés apunta directamente a este obxectivo, o que hai que aplaudir e estimular, procurando olladas de longo prazo neste obxectivos que superen a anécdota, os esforzos illados e a boa práctica puntual. As Universidades galegas que contan cunha moi interesante vida internacional deberan dunha banda integrar máis e mellor as súas distintas plataformas de internacionalización, para a súa vez ser parte decisiva e non ritual, dunha política de acción exterior de Galicia, onde a Xunta ten case todo por facer...

No próximo Parlamento galego que deberá arrancar en setembro agardamos a presenza do moi agardado proxecto de Lei de Acción Exterior e Cooperación ao Desenvolvemento, que podería ser unha estación internodal da Galicia do futuro. Unha Lei que deba non só reforzar e coordinar o traballo internacional dentro da Xunta de Galicia, se non tamén no traballo conxunto da Xunta coa Universidade, as asociacións empresariais, as cidades, o sector cultural...

## APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Acción exterior de Galicia

## **ETIQUETAS**

IGADI Galicia internacional uvigo

## **IDIOMA**

Galego

## **INVESTIGACION**

Paradiplomacia

## **Date Created**

Agosto 10, 2020

## **Meta Fields**

**Autoria :** 3782

**Datapublicacion :** 2020-08-10 00:00:00